



Convivencia. Teléfonos móbiles.

- [DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.](#)

Artigo 19. Normas de convivencia. Punto 4

Así mesmo, prohibese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica.

- [LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa](#)

Artigo 11. Condición de autoridade pública do profesorado.

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.
2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.
3. **O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.** O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

- [Normas de organización e funcionamento do centro.](#) Aprobadas en Consello Escolar o 12 de setembro de 2022. Páxina 52

Durante as clases o alumnado ten a obriga de mostrar unha adecuada actitude de atención e respecto, quedan polo tanto terminantemente prohibidas accións como mascar chicles, chupar caramelos, xogar ás consolas ou levar postos os auriculares.

Os teléfonos móbiles e aparellos electrónicos deben estar permanentemente apagados/modo silencio/modo avión e gardados dentro do recinto escolar.

De xeito máis específico, cabe sinalar que durante a realización de probas/exames

- Os pavillóns auditivos deberán mostrarse descubertos coa intención de previr o uso de auriculares e/ou dispositivos electrónicos varios.
- Os teléfonos móbiles, reloxs (intelixentes ou non¹) e calquer outro dispositivo electrónico deben estar apagados e gardados. O profesorado, ao seu criterio, poderá tomar as precaucións que considere necesarias para evitar o uso destes dispositivos durante a realización de exames.

¹ Xa que moitas veces resultan difíciles de distinguir.